



RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

Asunto: Convocatoria da sesión ordinaria do Pleno para o 17.09.2025

Don Manuel Vázquez Faraldo, alcalde do Concello de Miño, dita a seguinte resolución:

De conformidade co establecido nos artigos 80 e 82 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais,

RESOLVO:

CONVOCAR A SESIÓN ORDINARIA do Pleno do Concello de Miño, que terá lugar o día 17 de setembro de 2025 ás 19:30 horas, no salón de plenos da casa do concello, e fixar a seguinte orde do día:

1. Aprobación da acta da sesión anterior: sesión extraordinaria do Pleno do 11.09.2025
2. Numeración no rueiro municipal das parcelas resultantes da segregación dunha parcela no lugar de Ansimonde, parroquia de Bemantes
3. Aprobación da Conta Xeral do Concello de Miño correspondente ao exercicio 2024
4. Dación de contas do informe trimestral sobre o cumprimento dos prazos previstos na Lei 15/2010, do 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, e o período medio de pago do 2º trimestre do 2025
5. Dación de contas das resolucións da Alcaldía: dende o. día 09.06.2025 (resolución número 499/2025) ata a 07.09.2025 (resolución número 859/2025)
6. Dación de contas das actas da Xunta de Goberno Local das seguintes datas: 06.06.2025, 20.06.2025, 27.06.2025, 04.07.2025, 11.07.2025, 18.07.2025, 24.07.2025, 01.08.2025, 08.08.2025, 14.08.2025, 22.08.2025 e 29.08.2025
7. Mocións
 - 7.1. Moción do Grupo municipal do Partido Popular sobre a mellora dos aparcadoiros da praia de Miño
 - 7.2. Moción do Grupo municipal do Partido Popular para o apoio ás medidas da Xunta de Galicia fronte aos incendios forestais
 - 7.3. Moción do Grupo Mixto-BNG para avanzar no benestar animal en Miño, coa creación dunha praia canina e zonas de esparcemento
 - 7.4. Moción do Grupo Mixto-BNG para a defensa do sistema público de atención á dependencia e a mellora do servizo de atención no fogar (SAF)
 - 7.5. Moción do Grupo Mixto-BNG sobre a vaga de lumes forestais que asolou Galiza no mes de agosto e as medidas necesarias para evitar que se repita esta catástrofe mediante unha política de prevención e unha xestión integral do medio
8. Informes do equipo de goberno
9. Rogos e preguntas



Concello de Miño

ÁREA: SECRETARÍA

EXP. : 2025/G010/000014

A documentación está á disposición de todos os concelleiros e concelleiras no portal de cargos electos da sede electrónica do Concello de Miño.

Miño, na data da sinatura dixital

O alcalde

Manuel Vázquez Faraldo

Dou fe. O secretario acctal. municipal

Ignacio Edreira Moreira

CVD: wt6XULa0BVly0nf1J07w Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.